

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 29 DE AGOSTO DO 2024.**

ASISTENTES:

<p align="center">Presidente: MARIÑO DE BRICIO VICENTE</p> <p align="center">Membros que asisten:</p> <p>SUAREZ PUERTA COLOMER FRANCISCO VIDAL PEON XABIER POUSO MANEIRO MARIA HERMINIA BETANZOS FERNANDEZ GENOVEVA MARIA ABRALDES PEREZ FERNANDO</p>	<p align="center">Interventor: BAO CASTRO PABLO</p> <p align="center">Secretario Xeral: MARTINEZ DE LLANO ROSA JOSE</p> <p align="center">Membros que non asisten:</p> <p>PEREZ BARRAL LUIS ANTONIO FURONES RAMOS JUAN LUIS</p>
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 14:00 do día Vinte e nove de Agosto do Dous mil vinte e catro, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 14 de xullo de 2023, os seguintes acordos:

1.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/269

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/08/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE "REORDENACIÓN DE LA PLAZA DEL CENTENARIO E INTEGRACIÓN CON LA PLAZA DEL CONCELLO PARA EL FORTALECIMIENTO DE LA ACTIVIDAD COMERCIAL DEL ENTORNO", FINANCIADAS CON FONDOS DEL PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN Y RESILIENCIA – FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATIONEU (PRTR)"

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/268

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/08/2024. DECRETO: "CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE "REGENERACIÓN DEL



BORDE LITORAL DE LA PLAYA DE LOS MOSQUEIROS Y FONTE SECA (CASTIÑEIRAS).
FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA – NEXT GENERATION-EU”

3.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/270

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 26/08/2024. DECRETO: “CLASIFICACIÓN DE LAS OFERTAS Y REQUIRIMIENTO DE DOCUMENTACIÓN, PARA LA ADJUDICACIÓN DEL CONTRATO DE SERVICIOS DE REDACCIÓN DEL PROYECTO BÁSICO Y DE EJECUCIÓN, ESTUDIO DE SEGURIDAD Y SALUD, DIRECCIÓN FACULTATIVA DE LAS OBRAS Y COORDINACIÓN DE SEGURIDAD Y SALUD PARA LA “REHABILITACIÓN DEL CONSERVATORIO DE AGUIÑO (PIREP 2)” - REACT-UE NEXT GENERATION.”

4.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202408/246

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Luis Antonio Pérez Barral, de data 23/08/2024. DECRETO: “APROBACIÓN DEL PLAN DE SEGURIDAD Y SALUD, PLAN DE GESTIÓN DE RESIDUOS Y PLAN DE TRABAJO DE LAS OBRAS “HUMANIZACIÓN DE LOS ESPACIOS EXTERIORES DEL FARO DE CORRUBEDO”. FINANCIADO POR LA UNIÓN EUROPEA-NEXT GENERATION EU”

5.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á PROXECTO DE EXECUCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR, EXP 2023/LIC 000098. - Esther Sancho Patiño e Francisco M. Pérez Hermo

LICENZA DE OBRA Nº 6/24, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 7 de marzo de 2024.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Construcción de vivenda unifamiliar acaroadada de planta baixa e planta primeira.

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo de Núcleo Rural C.

REFª CATASTRAL: 15074A009000950000KA.

SITUACIÓN: Lugar de A Mámoa, Ribeira.

PROMOTOR/A: Sres. Esther Sancho Patiño, (DNI 52.458.976-R) e Francisco M. Pérez Hermo (DNI 52.930.288-C).

AUTOR/A PROXECTO: Sr. José Abeijón Vela e Sr. Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente).

PROXECTO: Proxecto Básico de setembro de 2023 / Memoria descriptiva urbanística do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 5 de febrero de 2024.

ACORDO DE ADOSE: Acordo de acaroadamento asinado o día 7 de outubro de 2023 polos Sres. Esther Sancho Patiño e Francisco M. Pérez Hermo.

OFICIOS: Oficio de Dirección de Obra / Oficio de Execución Material e de Coordinación de Seguridade e Saúde visado polo polos Colexio Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación o día 30 de xaneiro de 2024.

NOVA DOCUMENTACIÓN: Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21 de maio de 2024.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO



PRIMEIRO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2023 mediante o que acordou conceder ao Sres. Esther Sancho Patiño, (DNI 52.458.976-R) e Francisco M. Pérez Hermo (DNI 52.930.288-C), **LICENZA DE SEGREGACIÓN E POSTERIOR AGRUPACIÓN DE PARCELAS (Nº 6/23)** con refª catastrais nº 15074A009000950000KA - 15074A009000940000KW sitas no lugar de A Mámoa, Carreira, Ribeira, nos termos do Estudio Técnico de Segregación e Agrupación de Parcela de xullo de 2021 redactado polo Sr. José Abeijón Vela e Sr. Miguel Fernández Carreiras (arquitecto col. 2.059 e 2.171 respectivamente), resultando finalmente dous (2) parcelas do seguinte modo:

- **PARCELA 1ª:** Propiedade da Sra. Esther Sancho Patiño e do Sr. Francisco Manuel Pérez Hermo de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 892,00 m² que linda: Norte Sr. Adrián Pérez Ramallo e Sra. Rosa Elena Fernández Suárez; Sur parcela 2ª resultante da segregación; Este camiño; Oeste Sr. Antonio Pena Sieira.
- **PARCELA 2ª:** Propiedade da Sra. Esther Sancho Patiño e do Sr. Francisco Manuel Pérez Hermo de acordo co levantamento e medición realizada e contemplada no Proxecto cunha superficie de 1.657,00 m² que linda: Norte parcela 1ª resultante da segregación; Sur Sr. José Francisco Sevilla Vidal, Sr. José Andrés Lampón Dios, Sra. Vicenta Betanzos Dávila, Jasp Barbanza S.L., Sra. María Isabel García Gude e Sra. Manuela Gude Calviño; Este camiño; Oeste Sr. José Francisco Sevilla Vidal e Sr. Antonio Pena Sieira.

SEGUNDO.- Visto o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 6 de marzo de 2024 que por unanimidade acorda **CONCEDER** aos Sres. Esther Sancho Patiño e Francisco M. Pérez Hermo **LICENZA DE OBRAS Nº 6/24** para **CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR ACAROADADA DE PLANTA BAIXA E PLANTA PRIMEIRA**, na finca 1 resultante da licenza de segregación nº 6/23, concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o día 1 de xuño de 2023, sita no lugar de A Mámoa, Ribeira con refª catatral nº 15074A009000950000KA, nos termos do Proxecto Básico de setembro de 2023 e Memoria descritiva e urbanística do Proxecto Básico con sinatura dixital de día 5 de febreiro de 2024, redactados polo Sr. José Abeijón Vela e Sr. Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente), Acordo de acaroamento asinado o día 7 de outubro de 2023).

TERCEIRO.- Visto o escrito presentado polos Sres. Esther Sancho Patiño e Francisco M. Pérez Hermo rexistrado de entrada na 28 de maio de 2024, (Rexistro de entrada nº 13.881), mediante o que se presenta Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21 de maio de 2024 redactado polos arquitectos Sr. José Abeijón Vela e Sr. Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente).

Polo anteriormente exposto, visto o informe técnico emitido polo arquitecto municipal Sr. Óscar Pidre Mosquera con sinatura dixital favorable o día 13 de agosto de 2024, da documentación obrante no expediente, e visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 26/08/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- PRESTAR CONFORMIDADE á nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 6/24, concedida pola Xunta de Goberno local en sesión celebrada na data 6 de marzo de 2024 aos Sres. Esther Sancho Patiño e Francisco M. Pérez



FIRMANTE - FECHA		DOCUMENTO: 20241400058
LUIS ANTONIO PEREZ BARRAL(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 25/09/2024 JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 25/09/2024 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 25/09/2024 13:49:32		Fecha: 25/09/2024 Hora: 13:49



Hermo, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 21 de maio de 2024 redactado polos arquitectos Sr. José Abeijón Vela e Sr. Miguel Fernández Carreiras, (arquitecta/os col. nº 2.059 e nº 2.171 respectivamente).

SEGUNDO.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación do presente acordo e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación do mesmo.

6.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (1)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16403 25.06.2024 MANUELA GAGO DOMÍNGUEZ, reparar fachada, no lugar de Insuela, 2, Palmeira.

7.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (2)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20767 20.08.2024 ALEJANDRA NÚÑEZ DACAL, reformas interiores, na Avda. do Malecón,nº 24, 7ºB, Ribeira.

8.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (3)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

20802 20.08.2024 TERESA SAMPEDRO LARANGA, sacar folla interior nas dúas fachadas, facer canaletas, aislar e recebar, no lugar de Insuela, nº 16, Palmeira.

9.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (4)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

12759 21.05.2024 SUPERVISIÓN Y CONTROL, S.A., instalación de dous puntos de recarga para vehículo eléctrico na estación ITV Ribeira, no polígono de Xarás, 76, Ribeira.



10.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (5)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

15620 18.06.2024 REGINA PÉREZ VIDAL, instalación solar fotovoltaica de autoconsumo na cuberta da vivanda, situada na rúa Habana, 23, Ribeira.

11.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (6)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17266 03.07.2024 FRANCISCO VIDAL NÚÑEZ, cambio e colocación do canalón da auga, na rúa Revaleiras, 17, Palmeira.

12.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (7)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16772 28.06.2024 YOLANDA TUDELA GARCÍA, cambiar ventanas da fachada principal, na rúa Prado, 20, Corrubedo.

13.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (8)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

16943 01.07.2024 FRANCISCO SÁNCHEZ FRAGA, pintado de fachada, na rúa Chaprado, nº 10, Corrubedo.

14.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE (9)

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

17284 03.07.2024 MARIA MONTSERRAT COLOMER BUSOMS, reforma de baño e substitución de bañeira por plato de ducha, na Plaza de Pablo Neruda, nº 2-2-H, Ribeira.



15.- CERTIFICACIÓN URBANÍSTICA – Antonio Manuel Santiago Fernández

Vistos os escritos presentados por Nieves Cobas González en nome e representación de **Antonio Manuel Santiago Fernández**, de datas 20 e 26/08/2024 (Rexistros de entrada nº 20.769 e 21.123), no que solicita certificación urbanística en relación á parcela con refª catastral nº 3441917NH0134S0001HH e sita na Rúa Monte 28, Palmeira, Ribeira.

Visto o informe xurídico emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 27/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

Revisados os arquivos obrantes nesta Administración, e con independencia do disposto por outras administración, infórmase que non consta nas dependencias municipais pendente de resolver nos últimos seis (6) anos, ningún expediente de disciplina urbanística que afecte á parcela con refª catastral nº 3441917NH0134S0001HH e sita na Rúa Monte 28, Palmeira, Ribeira.

16.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA - Rosa María Crujeiras Rey

Visto o escrito presentado por **Rosa María Crujeiras Rey**, de data 26/08/2024 (Rexistro de entrada nº 21.104), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A022005060000KG.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 26/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400021104 do día 26 de agosto de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitud de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística



O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A022005060000KG, no seu plano 5.16. de Clasificación y Cualificación do solo e aliñacións en núcleos urbanos (Aguiño), a escala E:1/2.000 como solo urbano residencial extensivo unifamiliar illada (Ordenanza 6.3.B), artigo 157 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza 6.3.B. Residencial extensiva unifamiliar illada, artigo 157 do PXOM:**

Comprende esta Ordenanza as áreas de solo urbano menos densificados dos núcleos urbanos en contacto cas direccións de estrada e rúas definidas nos Planos de Ordenación, na que se localizan vivendas unifamiliares illadas con xardíns na parte da súa parcela non edificada.

1.1. Obras admisibles

Son admisibles todo tipo de obra de:

- demolición
- reforma
- ampliación
- nova planta

1.2. Usos globais

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: Só se admitirán ademais do uso característico as terciarias que teñan unha relación de dependencia directa co uso principal, tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e do sector primario, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva, conservándose a parcela e o tipo de edificación.

1.3 Tipoloxías edificatorias

A tipoloxía edificatoria é a de vivenda unifamiliar illada.

1.4. Normativa sectorial

Cada uso que se inclúe na edificación deberá estar suxeito á normativa sectorial que lle afecte. O uso residencial queda regulado globalmente polas condicións de habitabilidade do Decreto 311/1992.

2. Parámetros da edificación

2.1. Condicións da parcela

Parcela mínima: 1.000 m².

Fronte mínima: 12 metros.

Condicións de forma: A forma da parcela permitirá a inscrición dunha circunferencia de 12 m. de diámetro.

2.2. Condicións de ocupación

Ocupación máxima da parcela: 30%.

Recuados: A posición da edificación quedará recuada respecto aos lindeiros: 3 metros e ás vías a establecida nestas normas.

2.3. Condicións de volume



Edificabilidade máxima: 0,4 m²/m²

Computando a estes efectos a planta semisoto a partir dunha altura sobre rasante de 1 metro.

Altura da edificación:

Nº plantas: Baixo + unha planta + Baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 m. Admítese a planta soto.

H. máxima: 6,5 metros.

Altura de coroación: 4,0 m. desde el último forxado.

Os porches abertos computarán a efectos de edificabilidade a metade da súa superficie sempre que teñan unha profundidade maior que 1 metro.

As terrazas computarán sempre a metade da súa superficie.

2.4. Elementos arquitectónicos

Peche de parcelas: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 m. podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1 metro. No caso de peches realizados con pedra natural a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, computando edificabilidade e ocupación. Sempre nunha soa planta, cunha altura máxima de 3 metros, no caso de superar os 15 m², só se autorizaran se existe a edificación principal.

Corpos voados pechados: Autorízanse voos sobre as fachadas cunha dimensión máxima de 0,9 m. debendo ser vidradas nun 50% da súa superficie.

Cornisas e aleiros: A dimensión máxima do saliente de cornisas e aleiros será de 0,4 metros.

Balcóns e terrazas: Nos corpos voados non se autorizará a sobresaír sobre o voo permitido con balcón e terrazas. No resto dos casos a súa dimensión máxima será de 0,6 m.

Cubertas: As cubertas se resolverán prioritariamente a dúas augas utilizando en cualquier caso como material de cobertura tella cerámica. Estarán compostas de faldóns rectos del aleiro ao cumio, prohibíndose a construción de mansardas.

2.5. Condicións ambientais e estéticas

A intención é a de conseguir unha franxa de edificación en baixa densidade con gran proporción de espazos axardinados e arboredas.

Peches exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de mais de dous materiais en fachada, adoptando solucións tipolóxicas propias do entorno. Prohíbese os muros de bloques sen revestir e pintar.

Na carpintería exterior do edificio poderanse empregar madeira, ferro, aluminio ou plástico sempre que estean pintados, lacados ou coreados.

Prohíbese o aluminio na súa cor natural.

Composición de fachadas e ocós: Tomarase coma referencia a arquitectura popular existente na zona.

Recomendase que os ocós das ventás deberán ter forma cadrada ou rectangular, neste caso, o lado vertical será sempre maior co horizontal.



Integración no medio natural: A edificación deberá estar integrada no medio natural, debendo quedar convenientemente axardinado o espazo comprendido entre os edificios e os lindeiros da parcela.

17.- INFORMACIÓN URBANÍSTICA – Santos Enrique Chavaud Costa

Visto o escrito presentado por **Santos Enrique Chavaud Costa**, de data 22/08/2024 (Registro de entrada nº 20.976), no que solicita información urbanística en relación á parcela con referencia catastral 15074A001000870000KU.

Visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Óscar Pidre Mosquera, de data 23/08/2024, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar ao/á solicitante como segue:

1. ANTECEDENTES

Solicitud de información urbanística dunha parcela, presentada no rexistro xeral do Concello de Ribeira co núm. 202400020976do día 22 de agosto de 2024.

2. OBXECTO DO INFORME

Infórmase dende punto de vista técnico sobre a clasificación urbanística dunha parcela.

3. LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante LSG
- Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia, en adiante RLSG
- Plan Xeral de Ordenación Municipal de Ribeira aprobado definitivamente o 12.07.2002, en adiante PXOM
- Decreto 83/2018, do 26 de xullo, polo que se aproba o Plan básico autonómico de Galicia, en adiante PBA
- Decreto 20/2011, de 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de Ordenación do Litoral, en adiante POL

4. CONSIDERACIÓNS

4.1. Documentación achegada

Presentouse unha solicitud de información urbanística dunha parcela indicando súa referencia catastral.

4.2. Normativa urbanística

O PXOM de Ribeira clasifica a parcela con referencia catastral 15074A001000870000KU, no seu plano 8.1. de Clasificación y Cualificación do solo de núcleos rurais (Outeiro-Arribas, Castro-Gude), a escala E:1/2000 como solo de núcleo rural consolidado (SNR-A), artigo 133 do PXOM.

As condicións destas Ordenanzas son:

- **Ordenanza de Solo de Núcleo rural Consolidado, S.N.R.A., artigo 133 do PXOM:**

Comprende esta ordenanza as áreas de solo mais consolidado das aldeas e lugares de orixe agrario e morfoloxía definida que constitúen a base da trama rural.

AMBITO

O ámbito está definido nos planos de ordenación dos distintos núcleos.



O obxecto fundamental desta ordenanza é a conservación da parcela, o tipo de edificación e os elementos da xardinería existentes.

OBRAS ADMISIBLES

Serán obras preferentes as de:

- conservación
- consolidación
- rehabilitación
- restauración
- ampliación
- obra nova

permitíndose as de reforma e ampliación e nos solares vacantes as de obra nova.

Os proxectos realizados nos solares nos que exista unha edificación antiga, se manterán os cerramentos de pedra existentes, ocos de pedra, balcóns e galerías de madeira e outros elementos comúns á arquitectura popular.

USOS GLOBAIS CARACTERÍSTICOS, COMPATIBLES E PROHIBIDOS

Uso global: residencial extensivo.

Uso característico pormenorizado: vivenda unifamiliar.

Usos admisibles: ademais do uso característico só se admitirán os terciarios que teñan relación de dependencia directa co uso principal tales coma restaurantes, hostais, oficinas, comercios e talleres relacionados cas actividades residenciais e agrícolas, permitíndose o uso dotacional e a vivenda colectiva conservándose a parcela e o tipo de edificación.

TIPOLOXÍAS EDIFICATORIAS

A tipoloxía edificatoria será a de vivenda unifamiliar illada e acaroadada. Se manterá o tipo de ocupación non permitíndose tipoloxías edificatorias alleas á estrutura do núcleo.

PARÁMETROS DA EDIFICACIÓN

CONDICIÓN DA PARCELA

Parcela mínima: 200 m². non permitíndose a ocupación de parcelas que non superen esta superficie, excepto en aqueles casos de parcelas entre paredes medianeiras.

Fronte mínimo: será de 8 m. Cando se trate dun solar entre medianeiras consolidadas se permitirá a construción sempre que a fronte sexa maior de 4 m. e se cumpran o resto das condicións de edificación.

CONDICIONES DE OCUPACIÓN

Posición: Se terán en conta os seguintes criterios:

- En **áreas consolidadas:** as que resultan coherentes cas aliñacións das edificacións existentes e do viario regularizado, buscando sempre que sexa posible unha aliñación paralela a algún tramo do viario.
- En **áreas pouco consolidadas:** a fachada da edificación que de fronte ao viario ha de ser, necesariamente, paralela ao eixe do viario existente ou regularizado ou de nova apertura; cando o viario a que de fronte sexa curvo, á corda que una os extremos da parcela no seu interior co borde do viario, e se aplicará a normativa viaria.

Non obstante poderán autorizarse excepcionalmente distancias menores en áreas compactas cando ao aplicarse a normativa quedasen fora de aliñación edificacións existentes e se permita coma mínimo unha sección viaria de 5 metros.



A edificación poderá ser exenta ou acaroadada, permitíndose acaroar cando exista medianeira vista ou si se trata dun proxecto de edificación conxunta ou existise acordo entre lindantes. Nos outros casos o recuado a lindeiros debe ser coma mínimo de 3 metros.

Ocupación máxima na parcela: 50 %

CONDICIÓNS DE EDIFICACIÓN

Edificabilidade máxima: 1,25 m²/m²

ALTURA DA EDIFICACIÓN

Nº plantas: Baixo + unha planta e o aproveitamento baixo cuberta, computándose a todos os efectos a edificabilidade consumida en espazos de altura superior a 1,5 metros. Admítese a planta soto.

Altura máxima: 6,5 metros de altura.

Altura de coroación: 4 metros por cima do último forxado.

ELEMENTOS ARQUITECTÓNICOS

Peches de parcela: Só se permitirá o peche das parcelas con elementos opacos de bo acabado ata unha altura máxima de 1 metro, podéndose aumentar dita altura mediante elementos diáfanos ata unha altura de 1,00 m. No caso de peches realizados con pedra natural, a parte cega pode acadar unha altura máxima de 1,5 metros.

Corpos voados: Autorízanse corpos voados coma elementos exentos engadidos ao corpo principal, como galerías e miradoiros.

As características e dimensións destes elementos serán as definidas nas condicións xerais de edificación permitíndose a partir da primeira planta.

Balcóns: Non se permite sobresaír con balcóns sobre os corpos voados. No resto dos casos, autorízanse ata un voo máximo de 60 cm. con separación mínima a medianeiras da mesma magnitude.

Construcións auxiliares: Autorízase unha construción auxiliar por parcela, sendo obrigatoriamente dunha soa planta e unha altura máxima de 3,0 m., computándose a súa edificabilidade e ocupación a partir de 30 metros cadrados.

Cornisas e aleiros: O voo máximo de aleiros e cornisas será de 30 cm.

CONDICIÓNS AMBIENTAIS E ESTÉTICAS.

Os edificios quedarán integrados na entidade dos núcleos tradicionais con volumes similares aos existentes.

Conservaranse os muros de pedra de cerramento, as estruturas portantes e os ocos de pedra, os balcóns e galerías tradicionais que puideran existir.

Cerramentos exteriores e materiais: A volumetría, composición, natureza, textura e cor dos materiais serán acordes cos utilizados no proceso de formación da paisaxe histórica. Prohíbese o emprego de materiais cuxa entidade distorsione a armonía existente ou sexan de natureza estraña ao medio, coma os cerramentos de bloques sen enfuscar nin pintar que non sexan de terminación para ser vistos, ou os de ladrillo visto sen arraigo no medio.

As carpinterías poderán ser de madeira, P.V.C., ou de aluminio, pero neste ultimo caso prohíbese as cores metálicos anodizados, debendo estar lacados de branco ou outra cor.



5. AFECCIÓNS SECTORIAIS

A parcela encóntrase, parcialmente, dentro da zona de protección dun elemento catalogado, polo que deberá solicitar autorización ao Servizo Provincial de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia, para levar a cabo calquera actuación na parcela.

18.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das comunicacións previas de primeira ocupación que contan coa documentación completa e informadas favorablemente polo/a técnico municipal, segundo a seguinte relación:

1676 22.01.2024 JUAN ANTONIO LUACES LIJÓ, primeira ocupación de vivienda unifamiliar situada no lugar de Touro, Ribeira.

19.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CORTA DE ÁRBORES – Javier Parga Santamaría

ASUNTO:	COMUNICACIÓN DE CORTA DE ÁRBORES
PARAXE/LUGAR/PARROQUIA:	BO PEDRIÑA, TRAVESÍA BARREIRO, PALMEIRA
REF. CATASTRAL:	15074A035001990000KU
EXPEDIENTE:	2024TMA-000050
SOLICITANTE:	JAVIER PARGA SANTAMARÍA (**858**)
TIPOLOXÍA DO SOLO:	SOLO URBANO

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

1. ANTECEDENTES

Escrito presentado por Javier Parga Santamaría, de data 21 de agosto de 2024 (entrada núm. 20.847), mediante o que solicita autorización para cortar unhas árbores na súa finca, na paraxe de Bo Pedriña, travesía Barreiro, Palmeira, deste termo municipal, en aplicación da normativa de prevención e defensa contra os incendios forestais.

Informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, de data 22 de agosto de 2024, no que se conclúe que a solicitude non precisa efectuar o trámite de corta (declaración / autorización) ante a administración autonómica competente na materia, a Consellería de Medio Rural; indica a clasificación do solo no que se pretende levar a cabo a acción; e establece unhas condicións para o desenvolvemento dos traballos.

2. CONSIDERACIÓNS LEGAIS E/OU TÉCNICAS

De conformidade co previsto no artigo 2.2 da *Lei 7/2012, de 28 de xuño, de montes de Galicia*, o solo onde se prevé realizar a corta (solo de núcleo rural) non ten a consideración de de monte ou terreo forestal.

De conformidade co previsto no artigo 6.2.c) do *Decreto 73/2020, do 24 de abril*, non requiren declaración responsable nin autorización administrativa: “c) Os aproveitamentos forestais en terreos que non teñan a consideración de monte, sen prexuízo da excepción prevista para os terreos de especial protección na *Lei 7/2012*.”



3. RESOLUCIÓN

Visto o anteriormente exposto e visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 22/08/2024, **A XUNTA DE GOBERNO LOCAL**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

- Autorizar a corta das árbores obxecto da solicitude, nas condicións referidas no informe emitido polo Servizo Municipal de Medio Ambiente:

Condicións:

- *Deberán adoptarse as medidas oportunas para garantir a seguridade das persoas e dos bens.*
- *Unha vez finalizados os traballos retiraranse todos os restos que afecten aos espazos públicos e ás propiedades lindeiras.*
- Dar traslado deste ao solicitante.

20.- AUTORIZACIÓN DE USO DA PRAZA DE ESPAÑA AO CLUB NATURAL SPORT VIDELGI, PARA A REALIZACIÓN DUNHA XORNADA DENOMINADA "DÍA DO AMIGO"

LOGO DE VER que D. José Francisco Agrelo Lema, en representación do Club Natural Sport Videlgi, presenta escrito de data 19/08/2024, con número de rexistro de entrada municipal 20.677, solicitando autorización para realizar unha xornada lúdico- deportiva, o venres 30 de agosto de 2024, na Praza de España.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

1. Segundo a lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local; no título II O Municipio; capítulo III Competencias; artigo 25; punto 2. ; apartado I) di: "Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo de lecer."
2. Segundo a lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; no seu título II Das competencias das Administracións Públicas Galegas en Materia de Deporte, artigo 8. Os municipios, apartado 7 di:

"Autorizar, consonte os requisitos xerais, a realización de actividades deportivas fóra das instalacións deportivas e en patrimonio público municipal".

Consultados os departamentos de cultura e turismo municipais, informan que non hai actividades programadas, na Praza de España na data solicitada.

E DE VER o informe-proposta do técnico de deportes municipal de data 23-03-24 e do Concelleiro Delegado de Deportes, favorables á mesma con condicionantes.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, adopta o seguinte **ACORDO**:

Autorizar a celebración do evento denominado "Día do Amigo" na Praza de España, ao Club Natural Sport Videlgi, cos seguintes condicionantes:

- Esta autorización concédese para o **30 de agosto de 2024** ao longo de toda a mañá. Esta autorización, non exime de outras que poidan ser necesarias a nivel público ou privado.



- Os organizadores deberán ter en conta os requisitos que regulamentariamente se deben cumprir para a organización de eventos deportivos nos ámbitos sanitario, da seguridade e da responsabilidade.
